

## **BORRADOR DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 22 DE OUTUBRO DE 2015.**

### **ASISTENTES:**

#### Presidente:

Dº.Gonzalo Concheiro Coello

#### Concelleiros:

D. Maria Jesus Novo Gomez

D. Elisardo Montero Castro

#### Secretaria-Interventora:

D.ª Carmen Gomez Otero

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 14:35 horas do día vinte e dous de outubro de 2015, xúntase en sesión extraordinaria urxente, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. Gonzalo Concheiro Coello.

Non asiste nin xustifica a súa ausencia o concelleiro, D. José Balado Casal.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Carmen Gomez Otero.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

### **1.- APROBACIÓN URXENCIA DA SESIÓN**

O Sr. Alcalde manifesta que a urxencia da presente sesión ven dada polo prazo de xustificación da realización da obra de ampliación da gardería que remata o 23 de outubro de 2015, subvencionada dentro da convocatoria do programa Leader do Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo para o período 2014-2015.

O Sr. Alcalde-Presidente da Corporación somete a votación a urxencia da presente sesión, resultando aprobada por unanimidade.

### **2.- RATIFICACIÓN DECRETO ACORDO DA SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN DO LEADER**

A continuación dáse conta da Resolución da Alcaldía de data 30/03/2015, polo que se acorda solicitar subvención dentro da convocatoria do programa Leader do Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo para ampliación da gardería municipal, que transcrita literalmente di:

**<<Decreto: 108 / 2015 Data decreto: 30/03/2015 Descrición decreto:** Solicitud de axuda Leader do Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo para ampliación da guardería municipal.

### **DONA ANA LEDO FERNANDEZ ALCALDESA DO CONCELLO DE BOIMORTO ( A CORUÑA )**

Vista a convocatoria de axudas Leader do Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Solicitar unha subvención dentro da convocatoria do programa Leader do Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo para o anteproxecto “Ampliación de la guardería municipal” por importe total de 46.551,70 Euros (IVE incluído).

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo e demais documentación complementaria ao Presidente do Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo.

Boimorto trinta de marzo de dous mil quince

A Alcaldesa

Perante min:

A secretaria

Asdo.- Ana Ledo Fernandez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

A Xunta de Goberno Local queda enterada, e acorda por unanimidade ratificar a solicitude da subvención do Leader.

Así mesmo dáse conta do Decreto 543/2015 de data 21/10/2015 relativo á contratación menor desta obra.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 14:45 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr  
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- Gonzalo Concheiro Coello